



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Aprobación da modificación do padrón de subministro de auga, terceiro trimestre 2022

D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón

Por Decreto nº 58/2023, do 24 de marzo, (BOP nº 63 de 31 de marzo) aprobouse o Padrón cobratorio da taxa polo subministro domiciliario de auga potable correspondente ó 3º trimestre do ano 2022.

Detectados erros e previa regularización dos mesmos, de conformidade coas atribucións que me confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia

En virtude do exposto **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do Padrón da taxa polo subministro domiciliario de auga potable correspondente ó 3º trimestre de 2022, na que se inclúen a baixa de 68 recibos por un importe total de 18.363,34 euros e a alta de 67 recibos por un importe de 5.445,24 euros, acordando, previos os trámites oportunos, a devolución do importe dos recibos que se dan de baixa.

SEGUNDO.- Expoñer ó público os datos incorporados ó Padrón modificado que se aproba, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Esta exposición polo prazo de quince días, contados dende o seguinte ó da publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido este prazo a débeda correspondente ó subministro de auga será esixida polo Concello pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas que procedan, de acordo co previsto nos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria; a correspondente ó canon de auga será esixido directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Domiciliando os recibos que serán cargados nas respectivas contas dos contribuíntes.
- b) Ingresando a cantidade correspondente no número de conta bancaria indicada polo Concello.

QUINTO.- Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón correspondente ó subministro de auga, tódolos interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó do remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime convinte.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo dea Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

En Mañón, 24 de agosto de 2023.
O Alcalde
D. Alfredo Dovale Pedreira